

Os límites do coñecemento en Kant

1.- CONTEXTUALIZACIÓN:

1.1. As bases do movementu Ilustrado

En 1784 Kant escribe un artigo titulado: *Que é a Ilustración?* Nel podemos ler a seguinte definición: *“A ilustración é o abandono por parte do home, do estado de minoría de idade que débese atribuír a se mesmo. A minoría de idade é a incapacidade de usar o propio intelecto sen a guía doutro. Esta minoría atribúese non á falta de intelixencia, senón á ausencia de decisión e valentía para usar o propio intelecto sen a guía externa. Sapere aude!”* (Atrévete a pensar! Ten a coraxe de usar a túa propia intelixencia!)

Estas palabras acaban converténdose no lema e manifesto da Ilustración. Para os ilustrados, as nosas mentes só poden liberarse da servidume espiritual con o aumento do coñecemento. Manteñen unha confianza cega na razón humana, un uso crítico e sen prexuízos dela, que halles permitir: liberarse de dogmas metafísicos, prexuízos morais, supersticións relixiosas e tiranías políticas. Os ilustrados constitúense como un exército en loita contra a **tradición** e o **costume** tomados como fonte de **autoridade**. Aínda que non foi o único movemento cultural da época, a Ilustración foi o pensamento hexemónica na Europa do século XVIII, constituíndose como un movemento filosófico, pedagóxico e político, articulado que seduciu gradualmente as clases cultas e, en especial, a burguesía.

1.2. Alianza entre razón e progreso

A Ilustración é unha filosofía optimista. É a filosofía da burguesía en ascenso: é o pensamento dunha clase social en ascenso que cre no progreso e esfórzase en conseguilo, por convicción e porque é o camiño do cambio social que anelan: *“Algún día todo será mellor, esta é a nosa esperanza”* (Voltaire). Pero tal esperanza non se poderá realizar se non contribuímos ca nosa actitude, cas nosas ganas. Na base deste progreso espiritual, material, moral e político, está o **uso crítico e construtivo da razón**. Pero como entenderon a razón os ilustrados?

Para os grandes sistemas metafísicos do século XVII (Descartes, Malebranche, Spinoza e Leibniz), a razón é o territorio propio das verdades eternas, desas verdades que son propias do espírito humano (comúns en todos os SH) e que veñen de Deus. O que sabemos e intuimos grazas á razón, intuímolo directamente de Deus: cada acto da razón confirma a nosa participación na esencia divina. Pero no século XVIII, algúns pensadores, cansados dos excesos da razón (do **uso dogmático** da razón), daronlle un significado diferente e máis modesto. A razón vai deixar de ser un conxunto de ideas innatas previas a calquera experiencia, e definírase como unha determinada **forma** de adquisición do coñecemento. Así non a consideraran como un contido fixo de coñecementos, principios ou verdades, senón como unha **facultade humana** que ten a capacidade de relacionar coñecementos e que, por tanto, os transcende (vai máis alá).

En resumo: os ilustrados teñen confianza na razón (niso son herdeiros dos racionalistas) pero trátase dunha razón sen contidos, é só unha “forma”, unha maneira de pensar (organizar) contidos e, por tanto, está limitada pola experiencia; non hai coñecemento máis aló da experiencia (niso son herdeiros dos empiristas).

1.3. Desconfianza da metafísica

Polo tanto, a razón dos ilustrados é unha razón que non admite as verdades innatas das filosofías racionalistas e independente das verdades de revelación relixiosa (non cre en Deus como explicación final). É un elemento limitado e controlado pola experiencia. Na medida en que é empírica (ligada á experiencia), comeza en Inglaterra (Empirismo) pero é adoptada pola Ilustración como unha ruptura con a forma anterior de coñecemento filosófico (os grandes sistemas metafísicos).

1.4. A crítica da relixión positiva das supersticións

Vinculado coa experiencia e ao contrario dos sistemas metafísicos racionalistas, o racionalismo ilustrado é un movemento de **secularización**. A Ilustración ridiculizaba con sarcasmo despectivo mitos e supersticións das relixións considerándoos propios de épocas escuras das que desexan afastarse.

1.5.- Contexto filosófico: influencias na filosofía kantiana

Filosofía grega de Aristóteles herda as categorías pero mentres para este veñen dadas (existen) e son formas de percibir o ser, para Kant son conceptos puros do entendemento (son a maneira como está estruturado o noso pensamento, a maneira como pensamos) pero non son reais, non existen fora de nós.

Filosofía moderna:

- Filosofía racionalista de Descartes, Leibniz, Wolff e Knutzen, herda a confianza nunha razón teórica universalizadora e totalizadora, pero, por outro lado, rexeita á súa omnipotencia e o uso dogmático.
- Filosofía empirista de Locke e Hume, ao considerar a experiencia como límite da razón pero rexeitamento ás súas consecuencias escépticas.
- Ciencia moderna: que inspira o seu xiro copernicano.
- Ilustración: o optimismo e o dito anteriormente inspirado fundamentalmente en Rousseau.

1.6.- Contexto vital e obra de Kant

Nado en Königsberg (Prusia Oriental, actual Kaliningrado-Rusia) en 1724 no seo dunha modesta familia. Educado nas rixidas ensinanzas da moral pietista (protestantes moi estritos) da súa nai. A súa vida non refire ningún interese: naceu, medrou, estudou e foi profesor universitaria na mesma cidade na que morreu e da que nunca saíu. Distínguense dous períodos vitais que teñen unha proxección decisiva sobre a orientación da súa obra:

- Período precrítico: coincide coa entrada de Kant na Universidade de Königsberg e coa súa formación en filosofía, matemáticas e ciencias naturais. Recibe influencias de Schulz (clases de teoloxía), Knutzen (clases de física) e formación baixo os paradigmas escolásticos e racionalistas de Leibniz e Wolff vixentes en todas as facultades alemás. Kant uniuse á docencia en 1755 coma un racionalista máis.
- Período crítico: ao redor de 1762 le a Hume, un punto decisivo no seu pensamento “O desperta do seu sono dogmático”; e a Rousseau, que esperta o seu interese polos fundamentos da moral. Nesta época desenrola con plenitude o seu pensamento.

As obras máis relevantes son:

- o 1781: “Crítica á razón pura” (Que podo saber?)
- o 1784 “Que é a Ilustración?”
- o 1785 “Fundamentación da metafísica dos costumes”
- o 1788: “Crítica á razón práctica” (Que debo facer?)
- o 1790: “Crítica ao xuízo” (Que é fermoso?)
- o 1793: “Relixión nos límites da mera razón” (Que podo esperar? Un análise racional da relixión)

2.- O IDEALISMO TRANSCENDENTAL DE KANT

2.1. - O xiro copernicano

Ante a perspectiva dunha metafísica envolta en discusións sen resolución nin progreso (enfrentamento racionalistas/empiristas; desmandes no uso da razón dos primeiros e críticas empiristas a conceptos fundamentais: sustancia, causalidade, alma, Deus, que nos leva ao escepticismo) dúas rúas en saída, Kant propón unha solución: imitar o comportamento de Copérnico (agrado pola ciencia). Este, incapaz de explicar que o Sol e as estrelas xiraban arredor da Terra, fixo un cambio de perspectiva e propuxo facer xirar a Terra ao redor do Sol que estaba en repouso.

Kant, na súa **teoría do coñecemento**, propón facer un intento similar. O xiro copernicano kantiano propón que: dado que todo o noso coñecemento ata de agora, estivo sometido a recibir pasivamente as “características” dos obxectos empíricos e nada avanzou (coñecemento a priori ou racionalista: os obxectos existen e son como son antes, durante e despois do noso coñecemento), podemos inverter a metodoloxía e asumir que son os obxectos os que deben someterse ao noso coñecemento; e dicir que somos nós quen os **captamos de maneira activa** segundo a nosa **maneira de coñecer** (coñecemento a posteriori ou empírico: os obxectos non son para nós ata que os captamos).

As consecuencias do xiro copernicano son extremadamente significativas iniciando un novo método de coñecemento ao que denominamos: **método transcendental**; que significa que: *independentemente de como é a realidade, é a nosa maneira de coñecer a que a determina.*

2.2.- O Coñecemento transcendental

Transcendental é un coñecemento dirixido non a obxectos senón ao noso xeito de coñecerlos. O obxecto existe pero nós non o podemos coñecer; o que nós coñecemos e o obxecto captado pola nosa maneira **a priori** de coñecer. Segundo o método transcendental, no coñecemento sempre hai dúas partes: a obxectiva (o obxecto) e a subxectiva (as formas a priori de coñecer). Con isto Kant establece unha sentenza revolucionaria: **a razón non pode coñecer o suprasensible** (porque precisa a primeira parte do coñecemento: o obxecto), por tanto: **o límite do noso coñecemento é o mundo dos fenómenos**. O exercicio deste método instaura a chamada **filosofía transcendental**.

2.3.- Tipos de xuízos

Kant modificará toda a lóxica aristotélica base da teoría do coñecemento, que considera antiga e confusa. Considera necesario modificar a teoría tradicional do xuízo que estableceu Aristóteles. A tradición sinalaba dous tipos de xuízos:

- **Xuízos analíticos:** son universais e cúmprense sempre pero son só explicativos e non engaden nada ao contido do coñecemento. Non dín no predicado senón o que xa está contido no suxeito, son “a priori” porque sabemos a información de antemán. Por exemplo: *"Todos os corpos son extensos."*

- **Xuízos sintéticos:** amplían o coñecemento inicial porque o predicado aporta algo novo que non sabíamos no suxeito. Estes xuízos son “a posteriori” porque a información aparece ca experiencia pero non son universais, non sabemos se son certos ou non ata despois de velo. Por exemplo: *"Algúns corpos son pesados."*

Kant ve a necesidade de postular outro tipo de xuízos para facer posible o progreso e acha os xuízos **sintéticos a priori:** son propios das matemáticas e da parte xeral da física. Estes xuízos aportan información porque o predicado non está contido no suxeito pero non dependen da experiencia, cúmprense sempre, por tanto, son universais. Por exemplo *"3 + 4 = 7"* , *"A liña recta é a distancia máis corta entre dous puntos"* (a cualidade "máis corta" engádese a "recta").

Unha vez establecido que o coñecemento científico está composto por **xuízos sintéticos a priori**, pódense resolver os problemas fundamentais do coñecemento humano: o seu alcance, as súas áreas lexítimas, as súas fronteiras e o seu horizonte. Por iso é imprescindible identificar este tipo de xuízos e basearse só neles. Este é precisamente o proxecto de Kant para a súa primeira Crítica e o que fará será ir descartando todos aqueles xuízos que son inválidos. Desta maneira “pon límites” ao coñecemento.

3.- A “CRÍTICA DA RAZÓN PURA” OU OS LÍMITES DO COÑECEMENTO

3.1. Definición

A “Crítica da razón pura” ou Primeira Crítica, é a revisión das facultades do coñecemento. A obra pretende responder á pregunta: *“que podemos coñecer con certeza?”* Trátase da investigación do conxunto de facultades superiores do SH (sensibilidade, entendemento e razón). Cada unha destas facultades vai ser examinada segundo os principios do método crítico-redutivo-transcendental de Kant con a finalidade de coñecer os seus límites e a súa fiabilidade. Kant, asumindo a estreita conexión entre epistemoloxía e metafísica presente desde Aristóteles na tradición occidental, centra a súa atención no problema da **lexitimidade da metafísica:** podémonos apoiarnos na Metafísica para xustificar o saber? Kant dirá que NON, que dende a antigüidade, a razón foi dirixida cara a problemas que non se poden resolver porque afástanse da experiencia e que ese debe ser o límite do coñecemento.

3.2. Partes da Crítica da Razón Pura

A Primeira Crítica ten unha introdución e dúas partes: a estética transcendental e a lóxica transcendental.

3.2.1. A estética transcendental

A estética transcendental ten como obxecto a investigación transcendental do coñecemento sensible (a primeira parte do coñecemento). É transcendental porque aborda o coñecemento dende as funcións a priori que o condicionan. Estas condicións son o **espazo** e o **tempo** (formas puras da sensibilidade). Pero estes elementos a priori non son en absoluto ideas innatas (vs. Racionalismo) porque non constitúen coñecemento por si mesmos (non teñen contido por eles mesmos e, de feito, non existen fora de nós). Para Kant, o espazo e o tempo preceden aos obxectos como condición de posibilidade (non podemos coñecer obxectos fora das condicións sensibles).

- **O espazo** defínese como unha intuición pura que permite a intuición externa. Polo tanto:
 - Non é unha representación empírica que se poida extraer de experiencias externas.
 - É o que fai posible a experiencia externa: é unha representación a priori necesaria que está na base de todas as intuicións.
 - É a condición de posibilidade dos fenómenos: modela a forma dos fenómenos sensibilidade.
- **O tempo** defínese como a intuición pura que constitúe a forma do sentido interno. Polo tanto:
 - Non subsiste por si só nin se adhire ás cousas como unha determinación obxectiva.
 - Precede aos obxectos como condición de posibilidade destes.
 - É a forma do sentido interno, da intuición de nós mesmos e do noso estado interno.

Distinción fenómeno-noúmeno: para entender o significado de “coñecemento transcendental” é necesario distinguir dous conceptos kantianos:

Noumen (Noumenon): concepto dunha cousa que debe ser pensado a través da comprensión pura como unha cousa en si mesma e non como un obxecto dos sentidos. É o obxecto dunha intuición (intelectual) non sensible. Como os SH carecemos de intuición intelectual, o noumen debe entenderse en sentido negativo como un concepto límite destinado a restrinxir as reivindicacións de sensibilidade (algo que nunca coñeceremos, a nosa humanidade impídenolo).

Fenómeno (Erscheinung): é a representación da nosa sensibilidade que non ten a súa propia existencia. É o noumen pasado polo filtro das condicións a priori da sensibilidade humana. Para Kant o coñecemento esgótase no campo dos fenómenos, non hai coñecemento de noumens só de fenómenos.

3.2.2. A lóxica transcendental

A Lóxica transcendental trata sobre a orixe do noso coñecemento. Kant pensa que non se pode atribuír tal orixe a os obxectos mesmos. A lóxica formal tradicional que se fixo ata Kant, non se interesou pola orixe do coñecemento, simplemente consideraba as regras segundo as que se relacionaba e se formulaba. Pero a Kant non lle interesa isto e quere facer unha análise profunda para comprender como se xera o coñecemento e, concretamente, que aportan as nosas facultades cognitivas neste proceso.

A lóxica transcendental divídese en dúas partes: analítica transcendental e dialéctica transcendental

3.2.2.1.- Analítica Transcendental: Se na estética transcendental falou de sensibilidade e da receptividade do noso espírito para recibir representacións sensíbeis modificadas pola nosa maneira de coñecer, agora vai explicar como o entendemento humano (a facultade de pensar) volve a modificar/condicionar a comprensión. O entendemento aplícase sempre aos fenómenos por tanto o pensamento é comprensión ou facultade de pensar o obxecto. *“Todo coñecemento parte dos sentidos, pero non remata neles, é necesario pensalos”* (organizalos/darlles forma). *“Sen sensibilidade non se nos daría ningún obxecto e sen entendemento non se podería pensalos”*.

As categorías: Kant chama categorías ás formas a priori do entendemento a priori. Así como coñeciamos sensíbelemente a través do espazo/tempo, pensamos a través dunha estrutura preestablecida do noso entendemento que son as categorías. Aínda que con evidente

reminiscencia aristotélica, as categorías kantianas non son os predicados supremos de aquel. Son só a estrutura do noso entendemento que obríganos a pensar así as cousas. Son leis impostas a priori sobre os fenómenos que os modifica (por iso é transcendental).

Kant estima que o entendemento desenvolve a súa función unificadora a través de doce conceptos puros clasificados en catro categorías:

1. Cantidade. Desde o punto de vista da cantidade, o xuízo pode ser universal, particular ou singular e, polo tanto, podemos entender que:

- o concepto **universal** é posible a través da categoría de **unidade**;
- o **individual** a través da categoría de **pluralidade**;
- o **singular** a través da categoría de **totalidade**.

2. Calidade. Desde o punto de vista da calidade, os xuízos poden ser:

- **afirmativos**, que dará a categoría de **realidade**
- **negativos**, dará a de **negación**
- **infinitos**, a de **límite**

3. Relación. Dende o punto de vista da relación entre suxeito e predicado, os xuízos son:

- **categóricos**, a categoría que posibilita xuízos categóricos é a de **fondo**
- **hipotéticos**, posibilita a de **causalidade**;
- **disxuntivos**, posibilita a categoría da **acción recíproca**.

4. Modalidade. Finalmente, os xuízos expresados sobre a base da modalidade poden ser:

- **problemáticos**, a categoría que o fai posible é a de **posibilidade**
- **asertóricos**, que o fai posible é a de **existencia**
- **apodicticos**, que o fai posible a de **necesidade**

Autoconciencia: para Kant a autoconciencia é “categoría” suprema, a unidade de conciencia, a percepción do eu (= unificación de todas as categorías). Ningún coñecemento pode ter lugar en nós, ningún vínculo e unidade de coñecemento pódese dar entre si, sen a unidade da conciencia. A conciencia de si mesmo precede a toda experiencia (contra Hume).

3.2.2.2.- Dialéctica transcendental

Nesta parte Kant vai estudar a terceira das facultades do coñecemento humano: **a razón** e o seu uso transcendente (non suxeito á experiencia) e, por tanto, **o coñecemento obtido a través desta facultade, non o vai considerar válido**.

Os nosos conceptos intelectuais conformados polo noso entendemento empúrranos, por unha tendencia natural e insidiosa na especie humana, a querer atopar respostas máis aló das que conseguen chegar os xuízos do entendemento. O SH non se sente satisfeito con as conclusións

obtidas e pretende “pechar” as grandes preguntas da humanidade. Neste anelo afastase perigosamente da experiencia e fai un uso **abusivo da razón** (un uso **dogmático da razón**). As categorías do entendemento eran independentes da experiencia pero aplicábanse directamente aos fenómenos que viñan do coñecemento transcendental dos obxectos (obxectos que coñecemos sensiblemente); en cambio as ideas da razón xa están moi lonxe do mundo empírico por iso Kant as rechaza como fonte do coñecemento.

A facultade da razón opera en tres ideas que simbolizan os tres campos da metafísica: a alma, o mundo e Deus. As tres ideas son conceptos necesarios (non podemos non telas), non son arbitrarias (arbitrariedade=inventadas) senón que xorden da razón por necesidade da súa natureza e o seu dinamismo de razoamento. Están, por tanto, na natureza da razón humana, así como as categorías están na natureza do entendemento e o espazo/tempo na natureza da captación sensible. A razón precisa das ideas non para o uso da ciencia natural senón para ir máis alá da natureza. Pero aínda que non podamos evitalas, e sexan útiles para algunhas cousas, non son válidas para establecer coñecemento. **O entendemento é o límite do noso coñecemento, máis aló está a metafísica e a metafísica non é coñecemento.**

1.- **A primeira idea da razón refírese á natureza da alma.** Para a razón non é suficiente chegar a unha clara conciencia do eu como obxecto de sentido interno. Non se resigna a tratar os fenómenos internos (sensacións, crenzas ...) só como un conxunto que se materializa nun momento concreto e que desaparecerá. Quere perpetuar esa conciencia escorregadiza e postula o concepto de **alma** como algo inmaterial e eterno que dá sentido á nosa autoconciencia.

Xorden así os problemas da distinción do espírito da materia, da relación entre alma e corpo, da existencia separada da alma e a súa inmortalidade. Pero na base do mecanismo da razón hai un paradoxo fundamental, é dicir, un razoamento equivocado: aplicamos a categoría de substancia ao **eu** (autoconciencia) e transformámolo en suxeito sen ter ningunha experiencia empírica del.

2.- **A segunda idea da razón é o Mundo**, que dá lugar á famosa doutrina das antinomías; doutrina que, como o propio Kant tivo ocasión de confesar, acompañou ao pensamento filosófico desde o principio.

Podemos falar do mundo como unha serie de fenómenos máis ou menos extensa pero nunca como unha totalidade completa. Pero a razón non está satisfeita co simple coñecemento empírico de todas as cuestións cosmolóxicas sobre a duración e magnitude do mundo, e sobre se o mundo é libre o preestablecido. Quere aplicar a categoría de substancia a unha simple serie de fenómenos consecutivos sen ter ningún coñecemento empírico de isto. Ante calquera pregunta sobre a realidade do mundo atopamos tantos argumentos e probas rigorosas a favor como en contra. A razón enfróntase así, ás **antinomías**, situacións nas que é imposible tomar unha determinación racional por unha cousa ou a súa contraria.

1. **Primeira antinomia.** A razón pode demostrar que o mundo comeza no tempo observando que unha serie infinita que transcorre é imposible; e pode demostrar que o mundo non ten comezo no tempo, senón observar que cada comezo ten unha existencia que está precedida dun tempo.
2. **Segunda antinomia.** A razón afirma a existencia de elementos últimos e sinxelos, de cuxa composición derivan todas as cousas; pero por outra, nega a súa existencia, mantendo a indivisibilidade ata o infinito.

3. Terceira antinomia. Enfróntase ao problema da causalidade e da liberdade. O admítase na natureza, xunto coa "causalidade segundo as leis da natureza", tamén "unha causalidade por liberdade", ou ben recoñécese que "non hai liberdade ningunha, senón que todo o o mundo sucede segundo as leis da natureza".

4. Cuarta antinomia. A cuarta antinomia, por un lado, afirma que o mundo depende dun ser necesario, por outro, considera o real como continxente. Agora o mundo, de feito, non é un todo finito en si mesmo, nin un todo infinito en si mesmo, senón que existe só no retorno empírico dunha serie de fenómenos; atopámonos diante dunha serie de fenómenos que é sempre condicionado, ou, mellor dito, que nunca se dá na súa totalidade. Por iso o mundo non é un todo incondicional, nin existe como tal, nin como infinito, nin como finito.

3.- A terceira e última idea da razón é Deus Esta idea da lugar ao intento de facer uso de Deus para tentar a unificación total do real. A idea de Deus é o intento supremo de "pechar" todas as cuestións: as dúas ideas anteriores (alma e mundo) dándolles unha explicación nese concepto de Deus creador tanto do universo como da miña alma.

Kant non admite o concepto de Deus como explicación final do sentido do universo e critica as probas máis importantes da súa existencia que presentou a historia do pensamento:

1. Proba físico teolóxica: é a máis antiga, a que mellor se adapta ao sentido común, e refórzase no espectáculo ilimitado de variedade, orde, sabedoría e beleza que ofrece o universo, e na cadea de efectos, causas, fins e medios de admirable regularidade, que o gobernan. Ten que ter necesariamente un creador que é Deus.

2. Proba cosmolóxica ou da causa incausada: parte da existencia de seres continxentes que non poden ser "responsables" da súa propia existencia e conclúe na necesidade dunha primeira causa que explica tódalas demais. Esa causa incausada, primeiro motor inmóbil ou acto puro, é Deus.

3. Proba ontolóxica: o concepto de ser perfecto e necesario (Deus) debe incluír a existencia de outra maneira non sería perfecto de todo (considera a existencia un atributo da perfección). Polo tanto Deus existe.

4.- CONCLUSIÓNS DA CRÍTICA DA RAZÓN PURA E DA EPISTEMOLOXÍA DE KANT

Kant conclúe así a súa grandiosa indagación sobre o coñecemento humano: a metafísica é un intento fracasado e ilusorio de coñecer obxectos que transcenden completamente a nosa experiencia (o saber só pode iniciarse na experiencia e nunca afastarse dela); pero ao mesmo tempo é algo inevitable, está na natureza humana (maneira na que o SH usa a razón) e non debe considerarse en absoluto como o resultado dunha arbitrariedade (porque non podemos escapar dela). Por tanto o que fai a crítica é : poñer os límites ao noso coñecemento.

Ao final da Crítica da razón pura, Kant xa está a ver as dimensións nas que a nosa mente poderá liberarse dos lazos da experiencia e dos límites da simple investigación natural (o único que el considera coñecemento); e iso é o que tratará na segunda crítica (a **Crítica da razón práctica**). Isto non poder ser unha simple liberación cognitiva, senón unha liberación propiamente moral. A revolución copernicana, en suma, virá acompañada dunha revolución rousseauiana (*verémolo no próximo tema*).

5.- REPERCUSIÓNS E INFLUENCIAS DA FILOSOFÍA DE KANT

A filosofía kantiana ensina ao ser humano a pensar por se mesmo e a rexeitar os dogmas de todo tipo, que destrúen a razón e someten o libre pensamento. A súa maneira de pensar (a **Filosofía transcendental**) é fundamental na historia do pensamento. A continuación sinalamos as influencias máis importantes.

1. No idealismo alemán: (Fichte, Schelling e Hegel). Ao potenciar o papel activo do suxeito no coñecemento, abre a porta á filosofía idealista na que absolutamente todos os aspectos da realidade coñecida son unha consecuencia da actividade do suxeito cognoscente, o que os levará a manter que a Razón (que Hegel identificará co Infinito ou Deus) carece de límites (todo o real é racional), e a negar a noción de *noumen* ou cousa en si.
2. En Marx: A visión kantiana da liberdade e, máis aínda, o imperativo categórico que describe ao home como un fin en si mesmo (que prohibe tratalo como mera cousa), inspirou as críticas do mozo Marx contra a alienación e explotación económica como unha forma de cosificación do SH.
3. En Schopenhauer, principalmente a súa distinción entre mundo fenoménico e cousa en si, que este último autor identificará con o irracional “vontade de vivir”, e indirectamente tamén en Nietzsche.
4. En Wittgenstein e a **filosofía da linguaxe**, ao identificar os límites do noso coñecemento cos límites da linguaxe.
5. No **neopositivismo** (1ª metade s.XX), que seguirá negando a posibilidade de coñecemento na metafísica e limitando a validez do método científico ao empírico e verificable
6. A filosofía de Kant coñeceu aínda una certa renovación en Alemaña, a partir de 1860, no chamado **neokantismo**, con Cohen e Natorp, autores que influíron na primeira etapa de Ortega e Gasset; e tamén na chamada **pedagogía social** do século XX.